


O RETO D@ CLUBE D@S POETAS GALEG@S

Hai moit@s poetas galeg@s que non son debidamente coñecid@s, uns que aínda viven e outr@s que xa faleceron. A vosa misión de hoxe será a de darlles voz a tod@s.





Teredes que falar por eles/as facendo de entrevistadores/as e entrevistad@s e todo iso empregando a vosa radio escolar.



O primeiro é ler con atención o poema que vos propoñemos. Despois escribirides unha entrevista en grupo inventando preguntas e respostas.

Elaboraredes un guión de programa de radio seguindo a escaleta que propoñemos a continuación:

 Sintonía de radio ou do programa
Introducción do noso programa: un presentador/a dános a benvida e anunciará o nome do programa. Explicará en que consiste o programa e a quen ides entrevistar.
Entradiña sobre o/a autor/a: faremos un pequeno resumo da vida do/a autor/a (biografía). Tamén nomearemos as súas obras brevemente (bibliografía). Finalmente mencionaremos o poema sobre o que imos traballar hoxe.
O poema: algún compoñente do grupo lerá o poema do que se falará no programa.
Entrevista: facemos a entrevista (non esquecemos que as preguntas teñen que ser unha mestura sobre a biografía da personaxe, sobre a súa bibliografía e tamén sobre o poema no que traballamos).
Despedida: o mesmo presentador/a despide o programa, lembrando en que lugar de Internet pode ser escoitado.
 Sintonía de radio ou do programa

I

Baixo a prácida sombra dos castaños
do noso bon país;
baixo aquelas frondosas carballeiras
que fan dose o vivir;
cabe a figueira da paterna casa,
que anos conta sin fin,
¡qué contos pracenteiros, qué amorosas
falas se din alí!
¡Risas que se oien nas seráns tranquilas
do cariñoso abril!
E tamén ¡qué tristísimos adioses
se acostuman oír!

ROSALÍA

Soños na gaiola

"Galicia docemente
está ollando o mar:
ten vales e montañas
e terras pra labrar!

Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos
cargados de traballos,
cargados de trafegos!

Galicia é unha nai
velliña, soñadora:
na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
Pero hai outra Galicia
que vai no sentimento!

Galicia somos nós:
a xente e mais a fala.
Se buscas a Galicia
en ti tes que atopala!"

MANUEL MARÍA

A NEVE nace nas altas montañas, nos mananciais
ennobelados, nos cumios esguíos.

A neve viaxa en tanques de cristal, en vasos

de coiro, en vidros finísimos, en ánforas

de sede.

LUCÍA NOVAS

FOLLATOS

'Os que negan á muller
intelixencia e talento,
a millor contestaceon
cicais que fose o disprecio.
¿D' ónde sacaron qu' as almas
teñen com' os corpos seuo?
Porqu' as probes d' as mulleres
nunca tiveron ensino
como os homes, qu' eran tontas,
os homes tontos dixeron;
pois anqu' algus qu' eran sábeos
probar quixesen o mesmo,
soilo logran porbar
que n' human' entendemento
todo é falibre e que poden
os mais grandes teren erros.
Eu non me met' a estudar
si tein húmido o cerebro,

[p. 16]

nin cal é forma millor
pra ter as almas asentos
porqu' eu as cousas non busco,
que soilo busco os efeutos.

FILOMENA DATO